



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o **Pleno da Corporación Municipal**, en relación coa **situación na que se atopa a pavimentación da Rúa da Amarella**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tanto a veciñanza coma o BNG ten denunciado en reiteradas ocasións o precario estado en que se atopa a pavimentación da Rúa da Amarella. O alcalde comprometeuse a arranxar esta rúa en pleno, en resposta á iniciativa presentada alí polo BNG.

Pasado un tempo máis que prudencial, non só non se procedeu ao arranxo desta rúa, senón que o seu grao de deterioro vai en aumento, sendo xa practicamente imposible sortear as fochancas que hai na mesma.

Veciños e veciñas do entorno ve con estupor como se están efectuando obras de acondicionamento en rúas que teñen unha pavimentación en moito mellor estado de conservación que o da Rúa da Amarella, polo que se consideran agraviados.

Por esta razón o Grupo Municipal do BNG

S O L I C I T A:

Que por parte do Goberno Municipal se proceda a dotar de pavimentación adecuada á Rúa da Amarella e arredores.

Ribeira, 15 de xuño de 2009

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA